



# NOITES NA BIBLIOTECA

As noites dan para moito, e aínda máis se contamos cun espazo como o dunha biblioteca para facer propostas. A creatividade, o xogo, o debate, a recuperación do noso patrimonio musical, son algunhas das moitas ideas que temos para compartir nas citas nocturnas destes meses.

## OUTUBRO: Este mes... hai tema? O malestar na cultura tecnolóxica. 'Realidade e distopía'.

O desenvolvemento do capitalismo levou a unha total expansión do aparato burocrático en todos os sectores da vida, os seres humanos son obxectos da administración centralizada e burocratizada, o lucro e o control xera unha represión cada vez maior.

A razón é un instrumento ao servizo do poder polo que desenvolve un sutil control sobre os individuos, que perdidos en enormes castelos burocráticos quedan reducidos a mero instrumento. O progreso tecnolóxico ofrécenos bens antes utópicos, non obstante, pesa sobre nós un sentido de temor e desencanto, xa que o avance dos recursos técnicos vai acompañado dun proceso de deshumanización.

O poder consciente das posibilidades que existen de afundimento do sistema, afoga as potencialidades liberadoras e perpetúa un estado de necesidade que xa non é preciso, de xeito que a utopía, que tecnicamente sería acadable, transfórmase nun imposible e nunha distopía.

Moitas son as obras que tentaron facerse eco desta reflexión, diferentes cineastas, literatos, filósofos... reflexionaron sobre elo, e transformaron vellos soños en distopías dun futuro de pesadelo. As actividades que imos levar a cabo tentarán propiciar unha reflexión precisa sobre a nosa actual sociedade tecnolóxica.




# PROGRAMA de ACTIVIDADES

**DURANTE TODO O MES:** Punto de interese con selección de obras sobre a temática.

**SÁBADO 3 DE OUTUBRO:** Charla-coloquio. 'O malestar na cultura tecnolóxica'.

**SÁBADO 10 DE OUTUBRO:** Libro-fórum *O proceso*, de Franz Kafka.



**SÁBADO 17 DE OUTUBRO:** Cine-fórum *O proceso*, de Orson Welles.

**Título Orixinal:** The Trial (Le Procès)

**Ano:** 1962

**Duración:** 118 minutos.


**País:** Francia, Italia, Alemania

**Director:** Orson Welles


**Guión:** Orson Welles sobre novela de F. Kafka

**Reparto:** Anthony Perkins, Romy Schneider, Jeanne Moreau, Orson Welles, Elsa Martinelli, Akim Tamiroff

**Sinopse:** Orson Welles sérvese da obra de Kafka para ofrecernos un argumento baseado na tese que sostén que a sociedade é unha conspiración contra a personalidade de cada un dos seus membros. Welles móstranos toda a angustia sufrida por un home en mans dunha burocracia absurda, perdido nunha espiral de lourura e indefensión.



**SÁBADO 24 DE OUTUBRO: Libro-fórum. 1984, de George Orwell.**



**SÁBADO 31 DE OUTUBRO: Cine-fórum *Brazil*, de Terry Gilliam.**

**Título Orixinal:** Brazil

**Ano:** 1985

**Duración:** 131 minutos.


**País:** Gran Bretaña

**Director:** Terry Gilliam

**Guión:** Terry Gilliam, Tom Stoppard, Charles McKeown

**Reparto:** Jonathan Pryce, Robert De Niro, Michael Palin, Kim Greist, Katherine Helmond, Ian Holm, Bob Hoskins...

**Sinopse:** Nesta obra podemos ver un futuro *megaburocratizado*, onde habita unha sociedade traballadora que apenas atopa un lugar para o desafogo. O filme parte dunha premisa de natureza casual que trastoca ao aparato burocrático, e ante isto o estado reacciona eliminando as probas da súa incompetencia que poñen en tea de xuízo o seu funcionamento e, por tanto, a necesidade da súa existencia.



**OBRA SOCIAL CAJA MADRID**

Tlf. 902 13 13 60

[www.obrasocialcajamadrid.es](http://www.obrasocialcajamadrid.es)

**Biblioteca de Santiago de Compostela**

Rúa Casas Reais nº14

Santiago de Compostela

Tlf. 981 57 13 47